DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 1 | V lexislatura | Serie Pleno

Sesión plenaria
18 de novembro de 1997

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia

- Constitución da Mesa de Idade
- Elección da Mesa do Parlamento
- Constitución da Mesa do Parlamento
- Promesa ou xuramento de acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia

SUMARIO

Ábrese a sesión ás once da mañá.

Constitución da Mesa de Idade

O Sr. oficial maior invita ó deputado de maior idade, D. Manuel Fraga Iribarne, e ós dous deputados máis novos, D. Bieito Lobeira Domínguez e D. Joaquín Muñoz González, a ocupa-los seus postos na Presidencia, co fin de constituí-la Mesa de Idade. (Páx. 3)

(Os Sres. Fraga Iribarne, Lobeira Domínguez e Muñoz González pasan á Presidencia a ocupa-los seus postos.) (Páx. 3)

O presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) declara consituída a Mesa de Idade e felicita as señoras e os señores deputados pola súa elección. (Páx. 3)

O Sr. secretario da Mesa de Idade (Lobeira Domínguez) le os artigos 3 e 5 do Decreto 225/1997, do 25 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. Así mesmo, le a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia, celebradas o día 19 de outubro de 1997 (Resolución da Xunta Electoral de Galicia, do 5 de novembro de 1997). (Páx. 3)

Elección da Mesa do Parlamento

Elección do presidente
Votación: *Queda proclamado presidente o Sr. García Leira (PP) por 42 votos a favor, 32 votos en branco e 1 voto nulo. (Páx. 4)*

Elección dos vicepresidentes
Votación: *Queda proclamado vicepresidente primeiro o Sr. Delgado Arce (PP) por 42 votos a favor e vicepresidente segundo o Sr. Álvarez Domínguez (BNG) por 20 votos a favor. Houbo 13 votos en branco. (Páx. 5)*

Elección do secretario e do vicesecretario
Votación: *Queda proclamado secretario o Sr. Pedrosa Vicente (PP) por 42 votos a favor e vicesecretario o Sr. Cortizo Nieto (PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) por 15 votos a favor. Houbo 18 votos en branco. (Páx. 5)*

Constitución da Mesa do Parlamento

(Os Sres. García Leira, Delgado Arce, Álvarez Domínguez, Pedrosa Vicente e Cortizo Nieto pasan a ocupa-los seus postos na Presidencia.) (Páx. 6)

Promesa ou xuramento de acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia

Para dar cumprimento ó artigo 5 do Regulamento da Cámara, prestan o seu xuramento ou promesa de acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia o presidente e os membros da Mesa e, a continuación, por orde alfabética, os demais deputados e deputadas. (Páx. 6)

O Sr. presidente diríxelle unhas palabras á Cámara e declara constituída a V lexislatura. (Páx. 7)

Tódolos deputados, postos en pé, cantan o himno galego. (Páx. 7)

Levántase a sesión ás doce e dez minutos da mañá.

Ábrese a sesión ás once da mañá.

O señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA (Cólera Leirado): Bos días, señorías.

Por favor, ocupen os seus escanos.

Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos deputados proclamados electos, resulta se-lo deputado de maior idade don Manuel Fraga Iribarne e os deputados máis novos os señores don Bieito Lobeira Domínguez e don Joaquín María Muñoz González.

Rógolles que comparezan na Presidencia para constituí-la Mesa de Idade.

(Os señores Fraga Iribarne, Lobeira Domínguez e Muñoz González pasan a ocupa-los seus postos na Presidencia.)

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Señores deputados, por imperativo e privilexio da idade, e acompañado polo mellor lado dela, constituímos conforme os artigos terceiro e cuarto a Mesa de Idade. Declarámola constituída.

Eu quero dárlle-lo máis cordial saúdo de felicitación a todos pola súa elección e, se mo permiten, dedicar un recordo a don Celestino Torres, que foi el quen presidiu esta sesión, polas mesmas razóns, na anterior lexislatura e que hoxe non nos acompaña.

E despois de dicir isto, se lles parece, constituída a Mesa de Idade, ábrese a sesión.

Rogo ó señor secretario que dea lectura ó decreto da convocatoria e á relación de deputados electos. Faise constar que se presentou o recurso contencioso electoral número 2.099/97 na sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, respecto ó escano número 13 do Partido Popular da circunscrición electoral da Coruña, atribuído a dona María Marta Álvarez Montes.

Ten a palabra o señor secretario.

O señor SECRETARIO DA MESA DE IDADE (Lobeira Domínguez): Decreto 225/1997, do 25 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións:

(O señor secretario le exclusivamente os artigos 3 e 5 do decreto.)

"De acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia; Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, reguladora da Xunta e do seu presidente; e pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, no seu artigo 12, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 25 de agosto de 1997,

DISPOÑO:

Artigo 3º

En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, os setenta e cinco deputados repartiranse como segue:

A Coruña: vintecatro.

Pontevedra: vintedous.

Lugo: quince.

Ourense: catorce.

Artigo 5º

Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a Cámara resultante reunirase para a súa sesión constitutiva o día 18 de novembro de 1997 ás once horas".

Resolución do 5 de novembro de 1997 pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 19 de outubro de 1997:

“Vistas as actas de proclamación das xuntas electorais provinciais, e en cumprimento do disposto no artigo 108.6º da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, a Xunta Electoral de Galicia, na reunión celebrada o día 5 de novembro, acordou facer públicos os resultados xerais e por cincunscricións provinciais das eleccións ó Parlamento de Galicia, celebradas o día 19 de outubro de 1997, segundo os datos que figuran nas actas do escrutinio xeral remitido polas xuntas electorais provinciais, así como a relación de deputados proclamados electos por cada unha delas.

Relación de deputados proclamados electos por cada circunscrición:

Provincia da Coruña.

Polo Partido Popular: Manuel Fraga Iribarne, Antonio Couceiro Méndez, José María Hernández Cochón, José Antonio Orza Fernández, Gerardo Jesús Conde Roa, Juan Manuel Juncal Rodríguez, Manuel Ruíz Rivas, Jaime Alberto Pita Varela, José Manuel Vila Pérez, María Elisa Madarro González, Jesús María Fernández Rosende, Manuel López Outeiral, María Marta Álvarez Montes.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Xosé Manuel Beiras Torrado, María Pilar García Negro, Camilo Nogueira Román, Xosé Henrique Rafael Tello León, Xesús Manuel Vega Buján, Xosé Díaz Díaz.

Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes: Miguel Ángel Cortizo Nieto, Ángel Guerreiro Carreiras, Francisco Javier Losada de Azpiazu, Emilio Pérez Touriño, José Luis Méndez Romeu.

Provincia de Lugo.

Polo Partido Popular: Manuela López Besteiro, Mauro Varela Pérez, Dositeo Rodríguez Rodríguez, Fernando Carlos Rodríguez Pérez, José María García Leira, Celso Currás Fernández, Fernando Alfredo Pensado Barbeira, José Manuel Barreiro Fernández, María Jesús Tapia Fernández.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, Emilio López Pérez, Eduardo Gutiérrez Fernández.

Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes: María Isabel Salazar Bello, Francisco Sineiro García, Ismael Rego González.

Provincia de Ourense.

Polo Partido Popular: Celso Luis Delgado Arce, Castor Gago Álvarez, Daniel Barata Quintas, Miguel Ángel Santalices Vieira, María Dolores Rodríguez Seijas, Manuel López Casas, Roberto Castro García, Joaquín Manuel Muñoz González.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Alfredo Suárez Canal, Xosé Henrique Rodríguez Peña, Xosé Francisco Ferreiro Abelleira.

Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes: Manuel Veiga Pombo, Francisco Javier Casares Mouriño, María Antonia Álvarez Yáñez.

Provincia de Pontevedra.

Polo Partido Popular: José Cuíña Crespo, Alberto Durán Núñez, Miguel Domínguez Vaz, Jesús Carlos Palmou Lorenzo, Pablo Crespo Sabarís, Jesús Pérez Varela, Juan María Domingo Pedrosa Vicente, Juan Manuel Casares González, Justo José González Ballesta, Ramón Cortegoso Fernández, José Enrique Sotelo Villar, María del Carmen García Campelo.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Bautista Goyel Álvarez Domínguez, Francisco Trigo Durán, María Olaia Fernández Davila, María Salomé do Rosario Álvarez Blanco, Bieito Lobeira Domínguez, Rosa María Mercedes Darriba Calviño.

Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes: Abel Ramón Caballero Álvarez, María Dolores Villarino Santiago, José Manuel Pazos Varela, Antonio Louro Goyanes.

ELECCIÓN DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Conforme ó Regulamento procede agora a elección da Mesa do Parlamento, artigos 4.2 e 36 do Regulamento.

Imos pois, señoras e señores deputados, proceder á elección da Mesa do Parlamento, en votacións separadas para o presidente, vicepresidentes e secretarios.

Entendo que os servicios da Cámara procederon ou están a proceder ó reparto das papeletas que, como poden comprobar, son de cor branca para a elección do presidente, amarela para a dos vicepresidentes e verde para a do secretario e vicesecretario.

O chamamento efectuarase por orde alfabética.

Como saben, en tódolos casos debe figurar un só nome, para a validez do escrutinio, na columna correspondente da papeleta indicada.

Elección do presidente

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Comeza a votación para a elección do presidente. Repito, papeleta branca cun só nome.

O señor secretario procederá ó chamamento.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Muñoz González, le, por orde alfabética, os nomes das señoras e señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

(O señor Beiras Torrado, chamado polo seu nome en castelán, permanece no seu escano ata que se le en galego.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): ¿Quedou algunha señora ou señor deputado sen votar? *(Pausa.)* Entón, procederemos ó escrutinio.

(Procédese ó escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: D. Xosé María García Leira, 42 votos; votos en branco, 32; votos nulos, 1.

Polo tanto, don Xosé María García Leira obtén a maioría absoluta e, por conseguinte, queda proclamado presidente do Parlamento.

(Aplausos.)

Elección dos vicepresidentes

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Procédese seguidamente á elección dos vicepresidentes. A papeleta regulamentaria é a amarela; e recórdaselles que non se pode escribir máis dun nome na papeleta. Resultarán elixidos os dous deputados que acaden maior número de votos.

Comeza a votación. Señor secretario, proceda ó chamamento dos señores deputados.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Muñoz González, le, por orde alfabética, os nomes das señoras e señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): ¿Queda algún deputado sen votar? *(Pausa.)*

(Procédese ó escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: D. Celso Delgado Arce, 42 votos; D. Bautista Álvarez Domínguez, 20 votos; votos en branco, 13.

En consecuencia, proclámase vicepresidente primeiro a don Celso Delgado Arce e vicepresidente segundo a don Bautista Álvarez Domínguez.

Elección do secretario e do vicesecretario

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Procédese seguidamente á elección do secretario e do vicesecretario.

Recórdaselles de novo que non se pode escribir máis dun nome na papeleta, e que resultarán elixidos secretario e vicesecretario os dous deputados que acaden maior número de votos. Neste momento a papeleta é de cor verde.

Señor secretario, comece o chamamento.

Comeza a votación.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Muñoz González, le, por orde alfabética, os nomes das señoras e señores deputados, que van despositando o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): ¿Queda algunha deputada ou algún deputado por exerce-lo seu dereito de voto? *(Pausa.)* Non sendo así, procédese ó escrutinio.

(Procédese ó escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: o señor Pedrosa Vicente, 42 votos; o señor Cortizo Nieto, 15 votos; votos en branco, 18.

En consecuencia, proclámase secretario ó señor Pedrosa Vicente e vicesecretario ó señor Cortizo Nieto.

Rematadas as votacións, doulles conta de cómo queda constituída a Mesa do Parlamento: presidente, don Xosé María García Leira; vicepresidente primeiro, don Celso Delgado Arce; vicepresidente segundo, don Bautista Goyel Álvarez Domínguez; secretario, don Xoán Pedrosa Vicente; e vicesecretario, don Miguel Cortizo Nieto.

Rógolles ós señores elixidos que veñan tomar posesión dos cargos para os que foron elixidos polo Pleno deste Parlamento.

Levántase a primeira parte da sesión.

CONSTITUCIÓN DA MESA DO PARLAMENTO.

PROMESA OU XURAMENTO DE ACATALA CONSTITUCIÓN E O ESTATUTO DE GALICIA.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Señorías, dando cumprimento ó previsto no artigo 5 do Regulamento da Cámara e como presidente electo, procedo a prestar e a solicitar dos demais deputados o xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia.

Recórdolles que, segundo os precedentes da Cámara, a fórmula é de contestar "si, xuro" ou "si, prometo" á petición de acatar ou de gardar fidelidade que se fará desde esta Presidencia. Vou proceder eu en primeiro lugar.

Señoras e señores deputados, ante o pobo de Galicia, representado aquí polo seu Parlamento, xuro acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia.

Señor vicepresidente primeiro, don Celso Delgado Arce, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO (Delgado Arce): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Señor vicepresidente segundo, don Bautista Álvarez Domínguez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO (Álvarez Domínguez): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Señor secretario, don Juan Pedrosa Vicente, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Señor vicesecretario, don Miguel Cortizo Nieto, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

O señor VICESECRETARIO (Cortizo Nieto): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: A seguir, farase o chamamento das señoras e señores deputados para que desde o propio escano contesten á pregunta que lles vou formular eu como presidente.

Señoras e señores deputados, ¿xurades ou prometedes acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

Señor secretario, proceda ó chamamento.

(O señor secretario da Mesa, Pedrosa Vicente, procede ó chamamento.)

Álvarez Blanco, María Salomé do Rosario: Si, prometo.

Álvarez Montes, María Marta: Si, xuro.

Álvarez Yáñez, María Antonia: Si, prometo.

Barata Quintas, Daniel: Si, xuro.

Barreiro Fernández, José Manuel: Si, xuro.

Beiras Torrado, Xosé Manuel: Si, prometo.

Caballero Álvarez, Abel Ramón: Si, prometo.

Casares González, Juan Manuel: Si, prometo.

Casares Mouriño, Francisco Javier: Si, prometo.

Castro García, Roberto: Si, xuro.

Conde Roa, Gerardo Jesús: Si, xuro.

Cortegoso Fernández, Ramón: Si, xuro.

Couceiro Méndez, Antonio: Si, xuro.

Crespo Sabarís, Pablo: Si, xuro.

Cuíña Crespo, José: Si, xuro.

Currás Fernández, Celso: Si, xuro.

Darriba Calviño, Rosa María Mercedes: Si, prometo.

Díaz Díaz, Xosé: Si, prometo.

Domínguez Vaz, Miguel: Si, xuro.

Durán Núñez, Alberto: Si, xuro.

Fernández Davila, María Olaia: Si, prometo.

Fernández Rosende, Jesús María: Si, xuro.

Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco: Si, prometo.

Fraga Iribarne, Manuel: Si, xuro.

Gago Álvarez, Castor: Si, xuro.

García Campelo, María del Carmen: Si, xuro.

García Negro, María Pilar: Si, prometo.

González Ballesta, Justo José: Si, xuro.

Guerreiro Carreiras, Ángel: Si, prometo.

Gutiérrez Fernández, Eduardo: Si, prometo.

Hernández Cochón, José María: Si, xuro.
Juncal Rodríguez, Juan Manuel: Si, xuro.
Lobeira Domínguez, Bieito: Si, prometo.
López Besteiro, Manuela: Si, xuro.
López Casas, Manuel: Si, xuro.
López Outeiral, Manuel: Si, xuro.
López Pérez, Emilio: Si, prometo.
Losada de Azpiazu, Francisco Javier: Si, prometo.
Louro Goyanes, Antonio: Si, prometo.
Madarro González, María Elisa: Si, xuro.
Méndez Romeu, José Luis: Si, prometo.
Muñoz González, Joaquín Manuel: Si, xuro.
Nogueira Román, Camilo: Si, prometo.
Orza Fernández, José Antonio: Si, xuro.
Palmou Lorenzo, Jesús Carlos: Si, xuro.
Pazos Varela, José Manuel: Si, prometo.
Pensado Barbeira, Fernando Alfredo: Si, xuro.
Pérez Touriño, Emilio: Si, prometo.
Pérez Varela, Jesús: Si, xuro.
Pita Varela, Jaime Alberto: Si, xuro.
Rego González, Ismael: Si, prometo.
Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo: Si, prometo.
Rodríguez Peña, Xosé Henrique: Si, prometo.
Rodríguez Pérez, Fernando Carlos: Si, xuro.
Rodríguez Rodríguez, Dositeo: Si, xuro.
Rodríguez Seijas, María Dolores: Si, xuro.
Ruíz Rivas, Manuel: Si, xuro.
Salazar Bello, María Isabel: Si, prometo.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si, xuro.
Sineiro García, Francisco: Si, prometo.
Sotelo Villar, José Enrique: Si, xuro.
Suárez Canal, Alfredo: Si, prometo.
Tapia Fernández, María Jesús: Si, xuro.
Tello León, Xosé Henrique Rafael: Si, prometo.
Trigo Durán, Francisco: Si, prometo.
Varela Pérez, Mauro: Si, xuro.
Vega Buxán, Xesús Manuel: Si, prometo.
Veiga Pombo, Manuel: Si, prometo.
Vila Pérez, José Manuel: Si, xuro.
Villarino Santiago, María Dolores: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados, cumprido co que xa é un costume, permítanme amosarlles, no meu nome e no dos meus compañeiros de Mesa, o noso agradecemento pola confianza outorgada así como a nosa vontade por responder a ela o máis axeitadamente posible.

Desde esta Presidencia e desde o respecto ás diferencias ideolóxicas que nos separan e que son as propias e lexítimas dunha democracia, gustaríame facerlles partícipes, desde agora, do meu desexo de impulsa-lo diálogo e o esforzo común de todos nós, a fin de que ese interese, que penso que a todos nós nos une e que non é outro que a preocupación por Galicia e o pobo galego, a quen en primeiro e último termo nos debemos, estea presente en tódalas nosas actuacións.

Antes de rematar, quixera, señorías, ter unhas palabras de recoñecemento para o meu predecesor nesta Presidencia, Victorino Núñez, con quen tiven o honor de comparti-los traballos da Mesa nas súas últimas lexislaturas. O seu sabio proceder, sen lugar a dúbidas, tereino presente nos meus labores desde esta Presidencia.

Dito isto, e manifestando o meu compromiso de desempeñar unha presidencia do mellor xeito posible, declaro, en virtude do disposto no artigo 15 do Regulamento da Cámara, constituído o Parlamento de Galicia na súa quinta lexislatura.

Agora, postos en pé, cantemos ou escoitémo-lo noso himno.

(Tódolos deputados, postos en pé, cantan o himno galego.)

Levántase a sesión.

Eran as doce e dez minutos do mediodía.

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.Telf: (981) 56 16 00.
Impresión: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.
Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735